



CIRCULAR 85-2021.

**LXXXIV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO MASCULINO E LV
CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO FEMININO**

- A todas as delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A delegación da Federación Galega de Atletismo de Vigo, coa colaboración do Concello de Vigo, organiza o LXXXIV Campionato Xunta de Galicia Absoluto Masculino – LV Campionato Xunta de Galicia Absoluto Feminino o vindeiro 18 de xullo, nas pistas de atletismo de Balaídos en Vigo.

Art.2).- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2021.

Art.3.)- Participación:
Valerán marcas feitas dende o 1 de novembro de 2020.

PROBA	PARTICIPANTES	
100/VALOS CURTOS	24	
200/400/800/1500/400 MV	16	
5000/5000 MARCHA*	12	* Marcas marcha acreditadas inferiores a 29 min en homes e 33 min en mulleres
CONCURSOS	12	
RELEVOS	16	
3000 OBS	8	

Limitacións Sub 16 e Sub 18:

Cada atleta so poderá participar nun máximo de 2 probas. En caso de participar en dúas carreiras só unha delas poderá ser superior a 200 metros. Ditas limitacións non serán aplicables nas probas de relevos.

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do luns 12 de xullo do 2021.

O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 10:00 horas do mércores 14 de xullo. Calquera baixa non comunicada en prazo a: competicion@atletismo.gal levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente e unha multa de 3 euros.

Art.5).- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6).- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértiga que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal para a colocación do dorsal. Na marcha levarán dous, un diante e outro detrás.



Art.7).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.

Art.8).- Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

Art.9).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros. As inscricións nas probas de control FGA terán un custo de 4 euros por proba.

Art.10).- Ó longo do campionato, un atleta pode ser excluído de participar nunha ou varias probas no caso de que, clasificándose nas eliminatorias ou series, non participe na seguinte rolda ou ben téndose confirmado a súa inscrición, non participe

Art.11).- Horario provisional.

HORARIO PROVISIONAL CTO. XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO - XORNADA DE MAÑÁ					
HORA	CARREIRAS	ALTURA	LONXITUDE	LANZ. LONGOS	PÉRTEGA
10:00	5000 Marcha Homes			Disco Homes	
10:30	5000 Marcha Mulleres				
11:05	5000 Homes				Mulleres
11:25	5000 Mulleres				
11:30				Disco Mulleres	
11:40			Mulleres		
11:50	100 mv Mulleres Semif.				
12:05	Milla Control FGA				
12:15	110 mv Homes Semif.				
12:30	100 Mulleres Semif.				
12:50	100 Homes Semif.				
13:00				Martelo Homes	
13:10	400 Mulleres Finais				
13:15			Homes		
13:20		Homes			
13:25	400 Homes Finais				
13:40	1500 Homes Finais				
13:55	1500 Mulleres Finais				
14:10	100 Mulleres Final				
14:15	100 Homes Final				
14:30	100 mv Mulleres Final				
14:45	110 mv Homes Final				



HORARIO PROVISIONAL CTO. XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO - XORNADA DE TARDE

HORA	CARREIRAS	ALTURA	TRIPLO	LANZ. LONGOS	PÉRTEGA	PESO
17:00				Martelo Mulleres	Homes	Homes
17:15	200 Homes Semif.					
17:35	200 Mulleres Semif.					
18:00			Mulleres			
18:05	400 mv Homes Finais					
18:25	400 mv Mulleres Finais					
18:30				Xavelina Homes		
18:55	800 Homes Finais					
19:15	800 Mulleres Finais					
19:20		Mulleres				
19:30			Homes			
19:35	200 Homes Final					
19:45	200 Homes Final					
19:55	3000 Obs Homes					
20:00				Xavelina Mulleres		
20:15	3000 Obs Mulleres					
20:20						Mulleres
20:40	4x100 Homes					
20:55	4x100 Mulleres					
21:10	4x400 Homes					
21:30	4x400 Mulleres					

Relevos: valoraranse pola puntuación da táboa WA a suma das marcas dos compoñentes nas probas de 100-200- valos curtos en 4x100 e de 400-800-400mv en 4x400. Permitirase a participación dun atleta de club asociado en cada equipo.

As cadencias publicaranse co horario definitivo, sendo a altura inicial de cada proba a seguinte:

Cadencias altura:

Feminina: comezará en 1,41
Masculina: comezará en 1,64

Cadencias pértega:

Feminina: comezará en 2,50
Masculina: comezará en 3,20

SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 7 min antes da hora oficial da proba

Valos ou Obstáculos: 9 min antes da hora oficial da proba

Concursos agás pértega: 25 min antes da hora oficial da proba

Pértega: 35 min antes da hora oficial da proba

Entrada en Cámara de chamadas: ata cinco minutos antes da saída oficial a pista.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.12).- O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal

Opción 1.

Solicitude para adestradores ou acreditados polos club, segundo o protocolo establecido pola FGA.

- Acceso á Xornada de mañá: <https://forms.gle/mjohRaDbRnqHcb6n8>
- Acceso á Xornada de tarde: <https://forms.gle/bA396LrKSvJn7omg8>

Opción 2.

Permitirase o acceso do público ata un máximo de 250 persoas en cada xornada ás pistas municipais de Balaídos.

Público: Prazo de solicitude ata o xoves 15 de xullo ás 14:00h.

https://app.saudeter.com/reservas_galileo/5fe0ce07bb38454cf18843d0/instalaciones/60e711df83ab617a96388ef8

PERDIDA DE DEREITO: Poderán facer a reserva de 1 xornada (mañá ou tarde) ou ben dúas xornadas. Pero no caso de que fagan as dúas e non acudan o domingo pola mañá, sen causa xustificada e avisando á FGA con 24 horas de antelación para que poida acudir outra persoa, perderán o dereito de acceso o domingo pola tarde, sendo borrado da listaxe de autorizados.

Art.13).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexa inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.14).-

- Habberá premios económicos, segundo a relación establecida na seguinte táboa:

MELLORES MARCAS (1)	HOMES	MULLERES
Carreiras e marcha	1º: 150 €	1ª: 150 €
	2º: 100 €	2ª: 100 €
	3º: 50 €	3ª: 50 €
Saltos	1º: 150 €	1ª: 150 €
	2º: 100 €	2ª: 100 €
	3º: 50 €	3ª: 50 €
Lanzamentos	1º: 150 €	1ª: 150 €
	2º: 100 €	2ª: 100 €
	3º: 50 €	3ª: 50 €
Mellor marca do Campionato	+ 200 €	

Os/as atletas que non acudan ao protocolo de entrega dos premios establecidos no horario definitivo perderán o dereito a percibir calquera remuneración, quedando deserta dita premiación.

(1) Serán elixidas a través da valoración da táboa Word Athletics. As cantidades establecidas nos tres sectores e o premio extra pola mellor marca do Campionato de Galicia son acumulables. Só poderán optar a estes premios en metálico os /as atletas con licenza pola Federación Galega de Atletismo.

- Habberá entrega de trofeo ao club galego con maior puntuación acadada no campionato, considerando aos primeiros/as clasificados/as: masculino, feminino e conxunto.

Art.15).- Designarase un Director de Competición coma responsable do desenvolvemento da competición. Coordinando co streaming a orde e horario das presentacións, tanto de carreiras coma de concursos.

Art.16).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.17.- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 7 de xullo de 2021

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo